

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 30 de xullo de 2014

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e cincuenta minutos do día trinta de xullo do ano dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(831).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(832).- PROPOSTA DA ALCADÍA-PRESIDENCIA DE DELEGACIÓN NOS CONCELLEIROS DE ÁREA E NOS DEMAIS DELEGADOS DE COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO.

De conformidade coa referida proposta da Alcaldía-Presidencia de data 29.07.14, aprobase a seguinte delegación de competencias da Xunta de Goberno local nos concelleiros Área e nos demais delegados:

Primeiro.- NA DELEGADA DA ÁREA DE URBANISMO, CASCOS HISTÓRICOS, GRANDES PROXECTOS, PATRIMONIO E ECONOMÍA E FACENDA:

a) En materia de Urbanismo:

- Exercer as funcións legalmente atribuídas á Xunta de Goberno Local nas materias relativas a licenzas, disciplina e infraccións urbanísticas, declaracións de ruína e ordes de execución. Resolución dos recursos administrativos interpostos contra ditos actos e revisión de oficio dos mesmos.

- As contratacións con cargo ó orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo que teñan a condición de “contratos menores”, de conformidade coa lexislación aplicable de contratación das Administracións Públicas.

- O desenvolvemento da xestión económica derivada da execución do orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo, en especial:

- a) Incoar os expedientes de modificación de créditos que deberán ser aprobados polo Pleno do Concello.
- b) Aprobar as transferencias de crédito, agás que se realicen entre distintos grupos de función do orzamento e coas limitacións previstas no artigo 41 do Real Decreto 500/90 de 20 de abril.
- c) Aprobar os expedientes de xeración de créditos.
- d) Aprobación da incorporación de remanentes de créditos.
- e) Autorización e disposición de gastos de persoal relativos ó complemento de produtividade, gratificacións e indemnizacións por razón de servizos, que estiveran comprendidos globalmente no orzamento.
- f) Autorizar anticipos de caixa fixa e gastos a xustificar, e aprobar as contas xustificativas dos mesmos.
- g) Aprobar a devolución de ingresos indebidos.
- h) Cancelar fianzas correspondentes a funcións da Xerencia.
- i) Aprobar as liquidacións individuais de taxas por prestación de servizos, prezos e demais ingresos públicos propios da Xerencia Municipal de Urbanismo, así como as anulacións das mesmas.
- j) Dispoñer, previo o cumprimento dos requisitos legais esixibles, o fraccionamento ou aprazamento dos ingresos urbanísticos.
- k) Aprobar os gastos de representación e protocolo realizados polo Xerente.

En relación coa xestión económica e en ausencia do Xerente do Organismo Autónomo:

- a) Autorizar e dispoñer todos os gastos derivados dos contratos menores e todos aqueles cun importe non superior os 12.020,24 euros, cando non lle corresponda expresamente a outro órgano municipal.
- b) Recoñecer e liquidar as obrigas derivadas de todos os gastos.
- c) A ordenación de pagos.

- A xestión do persoal, co Xerente de Urbanismo, agás as competencias reservadas legalmente ó Pleno da Corporación e as de carácter indelegable, de conformidade co disposto no art. 127.1.h) da Lei de Bases de Réxime Local.
- Exercicio de accións administrativas e xudiciais nas materias ás que se refire este Acordo de delegación.

b) En materia de Cascos históricos:

- 1.- A dirección da xestión da oficina de Rehabilitación de Cascos Históricos.
- 2.- Previo informe do planeamento, a xestión, a disciplina urbanística e a concesión de licenzas urbanísticas relativas aos Cascos Históricos.
- 3.- A participación na redacción e tramitación dos instrumentos de planeamento urbanísticos e instrumentos de xestión do planeamento que incidan nos barrios históricos da cidade de Vigo, emitindo informe previo nos procedementos, así como na actividade urbanística. Aos efectos do informe previo, o persoal da oficina de Barrios Históricos prestará a colaboración necesaria ao concelleiro delegado de Cascos Históricos.

c) En materia de Patrimonio:

Resolución de expedientes de autorizacións de ocupación temporal do dominio público para as instalacións de circos e demais instalación eventuais, portátiles ou desmontables e en xeral das pequenas diversións que se dean ó público como feiras e verbenas, ou barracas provisionais ou ó aire libre, carruseis e similares previa emisión, no seu caso, de informe do facultativo idóneo sobre as condicións de seguridade.

Segundo.- NO CONCELEIRO DELEGADO DA AREA DE SEGURIDADE, MOBILIDADE E XESTIÓN MUNICIPAL.

a) En materia de mobilidade-tráfico.

- 1.- Conceder as autorizacións para a ocupación temporal da vía pública e de entrada de vehículos polo dominio público agás as que poidan corresponder ao Servizo de Patrimonio.
- 2.- Outorgar as autorizacións para o exercicio da venda ambulante, de acordo coa ordenanza municipal e as demais normas previstas na lexislación vixente na materia.
- 3.- Aprobar e autorizar, de conformidade co previsto nas ordenanzas as seguintes medidas:

- a) Reserva de estacionamento e paradas
- b) Reservas especiais para minusválidos
- c) Permisos de sinalización para pasos de carruaxes

4.- Iniciar, impulsar e resolver expedientes, mesmo sancionadores, en materia de transporte en xeral sen prexuízo do que dispoñan ou poidan dispoñer as leis sectoriais na materia.

b) En materia de persoal.

1.- Desempeñar a xefatura directa e inmediata do persoal municipal, agás a do corpo de Policía Municipal.

2.- Conceder os permisos e licencias de todo o persoal municipal mesmo naqueles supostos que impliquen redución ou diminución de xornada e permisos sen dereito a retribucións, previo informe do concelleiro delegado de área, dando conta, neste último supostos á Xunta de Goberno Local.

3.- Recoñecemento do grao persoal e trienios dando conta disto, no primeiro suposto, á Xunta de Goberno Local.

4.- A declaración de situacións administrativas e xubilación do persoal municipal, dando conta á Xunta de Goberno Local.

Terceiro.- NO CONCELLEIRO DELEGADO DA AREA DE FOMENTO, TRANSPORTES E CONTRATACIÓN.

a) En materia de Vías e Obras

Autorizar as obras e a ocupación de vía pública con motivo de realización de obras que se deban realizar para o funcionamento dos servizos, agás nos casos en que tal facultade corresponda a outro órgano.

b) En materia de Transporte

Iniciar, impulsar e resolver expedientes, mesmo sancionadores, en materia de transporte en xeral sen prexuízo do que dispoñan ou poidan dispoñer as leis sectoriais en materia de auto-taxis.

c) En materia de contratación

Concertación de operacións de tesourería, cando o importe das operacións vivas en cada momento non supere o 15% dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior.

Cuarto.- NO CONCELLEIRO DELEGADO DA AREA DE EMPREGO, PARTICIPACIÓN CIDADÁ E VOLUNTARIADO.

a) En materia de desenvolvemento local:

Será atribución desta concellería a contratación polos procedementos legalmente establecidos e a extinción da relación laboral, agás a que sexa consecuencia de despedimento disciplinario das persoas que participan nos distintos programas de emprego.

Quinto.- NO CONCELLEIRO DELEGADO DA AREA DE DISTRITOS, PARQUES, XARDÍNS, LIMPEZA E COMERCIO.

a) En materia de parques e xardíns

1.- Efectuar a supervisión e o seguimento do contrato administrativo de servizos que ten por obxecto o mantemento e conservación dos parques e xardíns municipais ditando ó efecto as ordes e instrucións que se estimen oportunas e propoñendo, no seu caso, ó órgano de contratación a apertura do procedemento sancionador ante posibles incumprimentos.

Sétimo.- Así mesmo todos os concelleiros delegados das Áreas mencionadas na resolución da Alcaldía do día 13 de xuño de 2011, exercerán por delegación desta Xunta de Goberno Local as seguintes atribucións:

1.- Impoñer as sancións previstas na lexislación vixente cando se incumpran as normas xurídicas referentes a unha área, respectando as competencias que neste particular teña delegada a Xunta de Goberno Local, adoptando, no seu caso, as medidas de carácter provisional precisas.

2.- Tramitación e resolución dos expedientes de contratos menores nos termos previstos na lexislación vixente e nos termos previstos nas bases de execución do orzamento.

3.- Ditar resolucións e prestar a súa conformidade ás certificacións ou actas de recepción de obras, subministros, servizos ou asistencia técnicas relacionadas directamente coa xestión da súa área.

4.- Incoar, tramitar e resolver cantos expedientes deriven do exercicio da potestade sancionadora que lle fosen legalmente atribuídos a esta Alcaldía.

5.- Acordar a organización funcional das áreas incluíndo a redistribución de efectivos do persoal adscrito ós postos non singularizados da mesma seguindo criterios de eficacia e dando conta inmediata disto ó concelleiro delegado da Área de Persoal a través desta unidade.

6.- Autorizar, cando estean directamente relacionados coa función pública, a asistencia a cursos de formación e perfeccionamento do persoal da súa área, de conformidade coas normas establecidas nas bases de execución do orzamento

sempre e cando a duración do curso non supere tres días alternos ou consecutivos, dando conta inmediata disto ó concelleiro da Área de Xestión Municipal a través do servizo de Recursos Humanos.

7.- Autorizar as comisións de servizo con dereito a indemnización do persoal adscrito á súa área cando a duración das mesmas non sexa superior a dous días dando conta inmediata disto ó concelleiro delegado da área de Xestión Municipal.

8.- Propoñer o cadro de vacacións anuais do persoal da área e remitilo dentro dos prazos fixados ao servizo de Recursos Humanos para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

9.- Propoñer á Xunta de Goberno Local a realización de dilixencias informativas reservadas previas á incoación dos expedientes disciplinarios nos que se poida atopar incuso o persoal adscrito á súa Área.

Oitavo.- As facultades que poderán exercer os concelleiros delegados en relación coas atribucións obxecto de delegación serán as que correspondan ó órgano delegante reservándose, non obstante, esta Xunta de Goberno Local, conforme ó establecido no artigo 116 do RD 2568/1986, a facultade de revogar en calquera momento as atribucións sobre calquera asunto ou materia delegada.

Noveno.- As resolucións administrativas que se adopten por delegación indicarán expresamente esta circunstancia e consideraranse ditadas por este órgano delegante.

Décimo.- O réxime xurídico da presente delegación será o previsto con carácter xeral nos artigos 115 a 118 do RD 2568/1986, agás no relativo aos recursos de reposición que se poidan interpoñer contra os acordos adoptados que serán resoltos polos propios concelleiros de Área.

Así mesmo, se delegan nos señores concelleiros as facultades de revisión de oficio reguladas no Capítulo I do Título VII da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, cando o acto obxecto de revisión se tivera ditado en virtude de competencias delegadas polo Alcalde no presente Decreto.

Undécimo.- Esta Xunta de Goberno Local deberá recibir información detallada da xestión das competencias encomendadas e dos actos ditados en virtude das delegacións conferidas, así mesmo deberá ser informada previamente á adopción de decisións de transcendencia.

Décimo segundo.- Notificar a presente resolución a todos os concelleiros afectados.

Décimo terceiro.- Comunicar a presente resolución ós xefes dos diferentes servizos municipais para o seu coñecemento e efectos e publicidade na Intranet.

Décimo cuarto.- A presente resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Décimo quinto.- Do presente acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma.”

3(833).- PROXECTO DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL XERAL.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe favorable do Tribunal Económico Administrativo do 24.07.14 e o informe de fiscalización da mesma data, dáse conta do informe-proposta da directora de Ingresos, do 21.07.14, conformado pola concelleira delegada de Economía e Facenda, que di o seguinte:

Segundo instrucións da Sra. Concelleira Delegada de Economía e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de “Modificación da Ordenanza Fiscal Xeral” que consta no presente expediente.

A presente modificación consiste, fundamentalmente, en establecer, amais dos pagamentos fraccionados xa incluídos nesta ordenanza fiscal, un novo sistema especial de pagamento fraccionado de tributos para os de cobro periódico (IBI, IAE, IVTM e Taxas de Lixo) prorrateando o importe total, ao longo do exercicio, en dez cotas, segundo a regulación proposta en informe do Sr. Tesoureiro municipal de data 17 de xullo de 2014 cuxo contido reproduce literalmente:

“Este sistema, que nace coa vocación de avanzar un paso máis na implantación de métodos que faciliten o pagamento dos tributos aos cidadáns, non levará consigo a esixencia de intereses de demora nin a obriga de constituír garantía ningunha, tal e como sucede nos supostos xerais de aprazamentos e fraccionamentos de débeda.

Compre lembrar a estes efectos que esta posibilidade aparece contemplada no artigo 10 da Lei Reguladora das Facendas Locais, que dispoñe que cando as ordenanzas fiscais así o prevexan, non se esixirá xuro de mora nos acordos de aprazamento ou fraccionamento de pagamento que tivesen sido solicitados en período voluntario, nas condicións e termos que prevexa a ordenanza, sempre que se refiran a débedas de vencemento periódico e notificación colectiva e que o pagamento total destas se produza no mesmo exercicio que o da súa devindicación.

Ata agora existía a posibilidade de pagar en dous prazos os recibos do Imposto sobre Bens Inmóveis ao abeiro do sistema establecido no artigo 12 da Ordenanza Fiscal reguladora do citado Imposto, circunstancia que se amplía agora para todos os tributos que se xestionan mediante padrón, e facilitando o pagamento en 10 cotas mensuais, de modo que cada contribuínte, en función das súas circunstancias, poderá configurar o seu propio calendario fiscal de entre ás diversas opcións permitidas polo Concello de Vigo: Pagamento nos períodos establecidos polo Concello no calendario fiscal para cada exercicio, pagamento do IBI en dous prazos a través do sistema especial de pago do Imposto, ou ben en 10 cotas mensuais de igual importe acolléndose ao novo sistema “conta fácil 10” que agora se propón incorporar á Ordenanza Fiscal Xeral.

Por todo isto, propónse incorporar á Ordenanza Fiscal Xeral do Concello de Vigo un novo artigo 47, co seguinte texto:

Artículo 47 ORDENANZA XERAL – Conta Fácil 10.

1. A Conta Fácil 10 é un sistema especial de pagamento que permite fraccionar o pagamento, sen devindicación de xuros nin necesidade de presentar garantías, da cota a pagar por todos os tributos de cobramento periódico e notificación colectiva devindicados o 1 de xaneiro de cada ano dos que sexa titular un mesmo obrigado ao pagamento, mediante o ingreso periódico de 10 cotas mensuais consecutivas.

2. Os tributos aos que se refire o apartado anterior son os seguintes:

- Imposto sobre Bens Inmобles.*
- Imposto sobre Actividades Económicas.*
- Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.*
- Taxa pola recollida do lixo domiciliaria.*
- Exaccións Unificadas Industriais.*

3. Poderán acollerse ao sistema especial de pagamentos previsto no presente artigo aqueles suxeitos pasivos que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Non manter co Concello de Vigo débedas ou sancións tributarias en período executivo a data 31 de decembro do ano anterior ao da devindicación dos tributos fraccionados, salvo que se trate de débedas ou sancións tributarias que se encontren aprazadas, fraccionadas ou cuxa execución estivese suspendida.*
- b) Que a suma do importe total anual da cota tributaria en período voluntario de todos os tributos sinalados no apartado primeiro sexa superior a 200 euros. O devandito importe calcularase tomando como referencia os datos do exercicio anterior ao da aplicación do sistema, incluídos os beneficios fiscais que lle correspondan.*
- c) O pagamento de todas as cotas mensuais deberá realizarse mediante domiciliación bancaria nunha conta aberta nunha entidade de crédito da que o obrigado ao pagamento sexa titular. O pagamento poderá domiciliarse nunha conta que non sexa de titularidade do obrigado, sempre que o titular da devandita conta autorice a domiciliación.*
- d) Figurar como suxeito pasivo do I.B.I. ou do I.A.E..*

4. Os pagamentos realizaranse en 10 cotas mensuais con cargo en conta o día cinco ou inmediato hábil posterior dos meses de febreiro a novembro, ambos os dous incluídos.

5. O interesado en acollerse á Conta Fácil 10 deberá presentar a solicitude antes do 31 de decembro do exercicio anterior a aquel en que se poduzca a devindicación dos tributos fraccionados.

6. A solicitude deberá presentarse por medios telemáticos, a través da carpeta do cidadán, de modo que o obrigado ao pagamento poida coñecer on line, no mesmo momento da presentación, os seguintes extremos:

- Día e hora en que se producise a presentación.*
- A aceptación ou rexeitamento da solicitude.*
- Os motivos, se é o caso, do rexeitamento.*
- Os recibos incluídos no sistema.*
- O importe estimado da cota mensual.*

De todas as circunstancias anteriores poderá obter un xustificante en formato PDF para a súa descarga ou impresión.

7. *Cotas. De acordo cos datos que obran no seu poder, a Administración efectuará unha estimación do importe das cotas que o interesado debe pagar en cada fracción, sendo as 9 primeiras de igual importe, e determinándose a última pola diferenza entre a suma da cota anual a pagar correspondente a todos os recibos fraccionados, menos o importe das 9 primeiras cotas. Se da liquidación practicada para obter o importe da última cota resultase unha cantidade a favor do contribuínte, procederase á súa devolución de oficio, sen necesidade de que o interesado o solicite.*

8. *En calquera caso, para a determinación anual das cotas mensuais en exercicios sucesivos, se incorporarán automaticamente as novas unidades fiscais incorporadas aos padróns dos tributos municipais de cobramento periódico e notificación colectiva, sen necesidade de qu o interesado o solicite.*

9. *A solicitude de alta producirá os seus efectos por tempo indefinido, en tanto non sexa solicitada por escrito a baixa polo interesado, sexa rexeitada algunha das cotas pola entidade de crédito por calquera motivo, ou a Administración dispoña expresamente a súa invalidez por razóns xustificadas. Nestes casos, o sistema de pagamento pasará a ser o sistema normal, de acordo cos prazos sinalados no calendario do contribuínte.*

No suposto de que a baixa teña lugar ao longo do exercicio, as cotas ingresadas aplicaranse aos recibos de maior a menor antigüidade, determinada pola data de finalización do período voluntario de ingreso de cada un deles. No suposto de que dous ou máis tributos teñan a mesma data de finalización do período voluntario, as cotas ingresadas aplicaranse aos recibos de menor importe.

Cando, unha vez efectuada a aplicación das cotas ingresadas "a conta" segundo o disposto no parágrafo anterior, resulten recibos total ou parcialmente impagados respecto dos que finalizase o período voluntario de ingreso, procederase ao cobramento do importe pendente polo procedemento administrativo de prema, de acordo co previsto na normativa recadatoria.

10. *Os interesados deberán comunicar expresamente ao servizo de Recadación Municipal calquera cambio dos datos contidos na solicitude inicial antes do 31 de decembro de cada exercicio, que producirá os seus efectos no exercicio inmediato seguinte.*

11. *Para obter un certificado de atoparse ao corrente do pagamento de calquera dos tributos acollidos a esta modalidade de pagamento, será necesario que se producise o pagamento íntegro do devandito tributo de acordo co disposto no parágrafo segundo do punto 9 do presente artigo sobre aplicación de cantidades a conta.*

Puntualizanse, no artigo 12 cuestións relativas a tramitación de beneficios fiscais.

Mediante o texto proposto no artigo 60, regulase conforme a Lei 58/2003 Xeral Tributaria o ciclo completo dunha autoliquidación ata o seu ingreso efectivo así como o procedemento polo que os suxeitos pasivos poden instar a rectificación ou anulación daquela.

Complementase o artigo 86 con un apartado 5 para clarificar a diferenza entre "devolucións de ingresos indebidos" e "outras devolucións derivadas do procedemento de xestión tributaria."

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL), artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), e artigo 137

apartado 1 b) da citada LRBRL sometendo a ditame do TEA do Concello o "Proxecto de Modificación da Ordenanza Fiscal".

Sendo o presente documento unha "Proposta de Modificación de Ordenanza Fiscal", adquiriría a condición de "Proxecto", tra-lo acordo aprobatorio da Xunta de Goberno Local.

Esta Dirección de Ingresos solicita, coa conformidade da Sra. Concelleira de Economía e Facenda, da Xunta de Goberno Local, a aprobación da proposta que contén este expediente. De resultar aprobada, remitirase ao TEA do Concello para ditame do "Proxecto de Modificación". Unha vez ditaminado, o Ilmo. Sr. Alcalde resolverá a súa remisión ao Pleno da Corporación para cumprimento dos artigos 15 a 19 do TRLRFL.

Para unha maior seguridade xurídica respecto da legalidade do acordo a adoptar pola Xunta de Goberno Local, con carácter previo, foi enviado o expediente ao TEA, quen emitiu o Informe que consta no expediente.

Para o caso de que o Proxecto aprobado en Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEA, fose enmendado, sexa pola oposición o polo propio goberno, as enmendas deberan ser incorporadas ao "Proxecto" que se someterá novamente á xunta de Goberno Local e ditame do TEA.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO:

1º) Aprobar a seguinte:

"MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL XERAL" (1).

ARTIGO 12.- TRAMITACIÓN

3. As peticións das persoas interesadas tramitaranse polo departamento que teña competencia no plan de actuación sectorial ao que se alude no artigo 11.3 anterior así como pola administración tributaria do Concello previa obtención de datos da AEAT.

4. As exencións e bonificacións que afecten a taxas de exacción periódica (padrón fiscal) haberán de solicitarse para cada período impositivo, surtindo efectos para o período impositivo seguinte ao da súa solicitude.

ARTÍCULO 46 BIS.- CONTA FÁCIL 10.

1. A Conta Fácil 10 é un sistema especial de pagamento que permite fraccionar o pagamento, sen devindicación de xuros nin necesidade de presentar garantías, da cota a pagar por todos os tributos de cobramento periódico e notificación colectiva devindicados o 1 de xaneiro de cada ano dos que sexa titular un mesmo obrigado ao pagamento, mediante o ingreso periódico de 10 cotas mensuais consecutivas.

2. Os tributos aos que se refire o apartado anterior son os seguintes:

- Imposto sobre Bens Inmобles.*
- Imposto sobre Actividades Económicas.*

- *Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.*
- *Taxa pola recollida do lixo domiciliaria.*
- *Exaccións Unificadas Industriais.*

3. *Poderán acollerse ao sistema especial de pagamentos previsto no presente artigo aqueles suxeitos pasivos que reúnan os seguintes requisitos:*

a) *Non manter co Concello de Vigo débedas ou sancións tributarias en período executivo a data 31 de decembro do ano anterior ao da devindicación dos tributos fraccionados, salvo que se trate de débedas ou sancións tributarias que se encontren aprazadas, fraccionadas ou cuxa execución estivese suspendida.*

b) *Que a suma do importe total anual da cota tributaria en período voluntario de todos os tributos sinalados no apartado primeiro sexa superior a 200 euros. O devandito importe calcularase tomando como referencia os datos do exercicio anterior ao da aplicación do sistema, incluídos os beneficios fiscais que lle correspondan.*

c) *O pagamento de todas as cotas mensuais deberá realizarse mediante domiciliación bancaria nunha conta aberta nunha entidade de crédito da que o obrigado ao pagamento sexa titular. O pagamento poderá domiciliarse nunha conta que non sexa de titularidade do obrigado, sempre que o titular da devandita conta autorice a domiciliación.*

d) *Figurar como suxeito pasivo do I.B.I. ou do I.A.E..*

4. *Os pagamentos realizaranse en 10 cotas mensuais con cargo en conta o día cinco ou inmediato hábil posterior dos meses de febreiro a novembro, ambos os dous incluídos.*

5. *O interesado en acollerse á Conta Fácil 10 deberá presentar a solicitude antes do 31 de decembro do exercicio anterior a aquel en que se poduzca a devindicación dos tributos fraccionados.*

6. *A solicitude deberá presentarse por medios telemáticos, a través da carpeta do cidadán, de modo que o obrigado ao pagamento poida coñecer on line, no mesmo momento da presentación, os seguintes extremos:*

- *Día e hora en que se producise a presentación.*
- *A aceptación ou rexeitamento da solicitude.*
- *Os motivos, se é o caso, do rexeitamento.*
- *Os recibos incluídos no sistema.*
- *O importe estimado da cota mensual.*

De todas as circunstancias anteriores poderá obter un xustificante en formato PDF para a súa descarga ou impresión.

7. *Cotas. De acordo cos datos que obran no seu poder, a Administración efectuará unha estimación do importe das cotas que o interesado debe pagar en cada fracción, sendo as 9 primeiras de igual importe, e determinándose a última pola diferenza entre a suma da cota anual a pagar correspondente a todos os recibos fraccionados, menos o importe das 9 primeiras cotas. Se da liquidación practicada para obter o importe da última cota resultase unha cantidade a favor do contribuínte, procederase á súa devolución de oficio, sen necesidade de que o interesado o solicite.*

8. *En calquera caso, para a determinación anual das cotas mensuais en exercicios sucesivos, se incorporarán automaticamente as novas unidades fiscais incorporadas aos padróns dos tributos*

municipais de cobramento periódico e notificación colectiva, sen necesidade de qu o interesado o solicite.

9. A solicitude de alta producirá os seus efectos por tempo indefinido, en tanto non sexa solicitada por escrito a baixa polo interesado, sexa rexeitada algunha das cotas pola entidade de crédito por calquera motivo, ou a Administración dispoña expresamente a súa invalidez por razóns xustificadas. Nestes casos, o sistema de pagamento pasará a ser o sistema normal, de acordo cos prazos sinalados no calendario do contribuínte.

No suposto de que a baixa teña lugar ao longo do exercicio, as cotas ingresadas aplicaranse aos recibos de maior a menor antigüidade, determinada pola data de finalización do período voluntario de ingreso de cada un deles. No suposto de que dous ou máis tributos teñan a mesma data de finalización do período voluntario, as cotas ingresadas aplicaranse aos recibos de menor importe.

Cando, unha vez efectuada a aplicación das cotas ingresadas "a conta" segundo o disposto no parágrafo anterior, resulten recibos total ou parcialmente impagados respecto dos que finalizase o período voluntario de ingreso, procederase ao cobramento do importe pendente polo procedemento administrativo de prema, de acordo co previsto na normativa recadatoria.

10. Os interesados deberán comunicar expresamente ao servizo de Recadación Municipal calquera cambio dos datos contidos na solicitude inicial antes do 31 de decembro de cada exercicio, que producirá os seus efectos no exercicio inmediato seguinte.

11. Para obter un certificado de atoparse ao corrente do pagamento de calquera dos tributos acollidos a esta modalidade de pagamento, será necesario que se producise o pagamento íntegro do devandito tributo de acordo co disposto no parágrafo segundo do punto 9 do presente artigo sobre aplicación de cantidades a conta.

CAPITULO III. PROCEDEMENTO DE XESTIÓN TRIBUTARIA.

ARTIGO 60.- A XESTIÓN TRIBUTARIA.

3. O réxime de autoliquidación será supletorio do disposto na correspondente ordenanza en todos os tributos e prezos públicos deste Concello.

No caso de que non se realizase o ingreso dentro da data limite de pagamento que consta na propia autoliquidación provista de código de barras, aquela seguirá o procedemento previsto no artigo 160 e seguintes da Lei 58/2003 Xeral Tributaria.

A sede electrónica do Concello dispón de simuladores de autoliquidacións nos que o suxeito pasivo obterá información respecto da contía a ingresar segundo as diferentes variables que afectan a cada feito impositivo concreto. Utilizando os simuladores obtéñense borradores que non dan orixe a documento con código de barras, e polo tanto non xeneran ningunha obriga de pagamento.

Sen embargo, cando un contribuínte emite unha autoliquidación con código de barras está cumprindo a obriga tributaria de declarar. No momento no que realiza o pagamento, cumprimenta a obriga tributaria principal. O mesmo sucederá con autoliquidacións emitidas polos servizos tributarios do Concello, no labor de asistencia ao contribuínte de xeito presencial.

Para o caso de que o suxeito pasivo tivera emitido unha autoliquidación con código de barras e data limite de pagamento, e desexara rectificar ou anular aquela, deberá realizar este trámite

conforme ao disposto no artigo 120.3 da Lei xeral tributaria que regula o procedemento de rectificación de autoliquidacións.

ARTIGO 86.- DEVOLUCIÓN DE INGRESOS INDEBIDOS.

5. Non será ingreso indebido aquel que tivese lugar por incumprimento de obrigas formais por parte do obrigado tributario, así como denegación de licenzas ou autorizacións por non contaren coas condicións esixidas pola normativa da aplicación. Se por aplicación da normativa do tributo, nestes casos, procedera unha devolución de ingresos, realizarase a citada devolución sen abono de xuros.

DISPOSICIÓN FINAL:

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o día 1 de xaneiro do ano 2015 permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Someter a Ditame do TEA do Concello.

3º) Aprobación provisional en sesión plenaria.

4º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.

5º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

Acordo

A Xunta de Goberno local presta conformidade ao precedente informe-proposta.

4(834).- PROXECTO DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe favorable do Tribunal Económico Administrativo do 24.07.14 e o informe de fiscalización da mesma data, dáse conta do informe-proposta da directora de Ingresos, do 21.07.14, conformado pola concelleira delegada de Economía e Facenda, que di o seguinte:

Segundo instrucións da Sra. Concelleira Delegada de Economía e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de "Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Bens Inmobles" que consta no presente expediente.

A presente modificación consiste en reducir nun 1,4% o tipo de gravame para os bens inmobles urbanos que consta no artigo 8.2 da presente ordenanza que pasa a ser do 0,872%.

Establecese unha nova bonificación do 50% da cota tributaria deste imposto para familias numerosas con ingresos brutos per cápita entre 6.156€ e 7.868 €. O ingreso bruto per cápita para disfrutar da bonificación vixente do 90% para estas familias incrementase nun 2,8%

Mantense o tipo do 0,884 vixente dende 1 de xaneiro de 2013 como “tipo diferenciado de bens inmobles nos términos do artigo 72.4 do TRLRFL.

De conformidade co artigo 72.4 do TRLRFL, os concellos poderán establecer “tipos diferenciados” para os bens inmobles urbanos, excluídos os de uso residencial, atendendo aos usos establecidos na normativa catastral para valoración das construcións. Ditos tipos so poderán aplicarse, como máximo, ao 10% dos bens inmobles urbanos do termino municipal que, para cada clase de uso teñan maior valor catastral. En informe estatístico sobre o padrón de IBI de natureza urbana de 2014, que consta no presente expediente, xustifícase amplamente o cumprimento deste máximo do 10% ao fixar como umbral de valor catastral un importe superior ao valor catastral mínimo do grupo do 10% de maior valor catastral para cada clase de uso.

A título de exemplo, para o uso A no que o 10% de maior valor catastral comprende 3.582 inmobles dende un valor catastral de 8.153,76 €, inclúense no tipo diferenciado só os que superan os 100.000 € de valor catastral (aproximadamente o 1,15%).

Para o uso C no que o 10% de maior valor catastral comprende 923 inmobles dende un valor catastral de 111.385,67 €, inclúense no tipo diferenciado só os que superan os 125.000 € de valor catastral (aproximadamente o 8,45%).

Quedan excluídos, de conformidade co disposto no citado artigo 72.4 os inmobles de uso residencial e os solos sen construción. Por decisión do goberno municipal tamén se exclúen os de uso Y sanitario, E educativo e Público e edificios singulares.

En todo caso este tipo diferenciado do 0,884% está vixente dende 1 de xaneiro de 2013. A variación do IPC non aplicada para a súa actualización (dende 30 de abril de 2012 a 30 de abril de 2014) ascende a 1,8.% segundo os datos facilitados polo INE o que implica unha redución, en términos reais, da mesma contía, entre os exercicios 2013 a 2015.

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL), artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL sometendo a ditame do TEA do Concello o “Proxecto de Modificación da Ordenanza Fiscal”.

Sendo o presente documento unha “Proposta de Modificación de Ordenanza Fiscal”, adquiriría a condición de “Proxecto”, tra-lo acordo aprobatorio da Xunta de Goberno Local.

Esta Dirección de Ingresos solicita, coa conformidade da Sra. Concelleira de Economía e Facenda, da Xunta de Goberno Local, a aprobación da proposta que contén este expediente. De resultar aprobada, remitirase ao TEA do Concello para ditame do “Proxecto de Modificación”. Unha vez ditaminado, o Ilmo. Sr. Alcalde resolverá a súa remisión ao Pleno da Corporación para cumprimento dos artigos 15 a 19 do TRLRFL.

Para unha maior seguridade xurídica respecto da legalidade do acordo a adoptar pola Xunta de Goberno Local, con carácter previo, foi enviado o expediente ao TEA, quen emitiu o Informe que consta no expediente.

Para o caso de que o Proxecto aprobado en Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEA, fose enmendado, sexa pola oposición o polo propio goberno, as enmendas deberan ser incorporadas ao "Proxecto" que se someterá novamente á xunta de Goberno Local e ditame do TEA.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO:

1º) Aprobar a seguinte:

"MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES" (2).

ARTIGO 6.- BONIFICACIÓNS

3. Terán dereito a unha bonificación do 90% da cota íntegra do imposto os suxeitos pasivos –pai, nai ou titor- titulares de familia numerosa, relativa á vivenda que constituía a residencia habitual da familia e sempre e cando cumpran as seguintes condicións:

a) Se os importes brutos anuais, –pai, nai ou titor- titulares de familia numerosa, no exercicio fosen inferiores a 6.155 €, a bonificación será do 90%.

b) Se os ingresos estiveran entre 6.156 € e 7.868 €, a bonificación será do 50%.

O ingreso bruto anual per cápita calcularase dividindo a totalidade dos ingresos brutos anuais da unidade familiar entre o número de integrantes. No caso dun menor de 25 anos con un grado de discapacidade superior ao 65% computarase como se foran dúas persoas. No caso de que o grado de discapacidade estivese entre 33% e 65% computarase como 1,5.

Esta bonificación concederase para cada exercicio, debendo solicitala os suxeitos pasivos ata o 31 de decembro do exercicio anterior en que deba surtir efectos, e aportando os seguintes documentos:

- Título de familia numerosa vixente a 1 de xaneiro do exercicio en que deba surtir efectos a exención.

- Autorización ao Concello para que recabe a información sobre os ingresos de todos os integrantes da familia da AEAT e outras administracións públicas.

4. No caso de que fose procedente máis dun beneficio fiscal na cota deste imposto, aplicarase só o de maior contía.

ARTIGO 8.- COTA TRIBUTARIA

1. A cota íntegra deste imposto será o resultado da aplicación á base liquidable dos tipos de gravame recollidos neste artigo.

2. O tipo de gravame para os bens inmobles urbanos será do 0,872%.

3. O tipo de gravame para os bens inmobles rústicos será do 0,3%.

4. O tipo de gravame para os bens inmobles de características especiais será do 0,804%

5. Establecese como “tipo diferenciado” na contía do 0,884% para os bens inmobles urbanos, excluídos os de uso residencial, que superen, atendendo aos usos establecidos na normativa catastral para valoración das construcións, o valor catastral que, para cada un dos usos, se recolle no seguinte cadro.

CODIGO-USO	V.CATASTRAL TIPO	
I-industrial	igual ou superior a 125.000€	0,884
C-comercial	igual ou superior a 125.000€	0,884
G-ocio e hostelería	igual ou superior a 175.000€	0,884
O-oficinas	igual ou superior a 125.000€	0,884
A-almacenamento estacionamento	igual ou superior a 100.000€	0,884
K-deportivo	igual ou superior a 450.000€	0,884

En todo caso, os tipos de grave diferenciados a que se refire este apartado, só poderá aplicarse, como máximo ao 10% dos inmobles do termino municipal que, para cada clase de uso, teñan maior valor catastral.

Cando un inmueble teña varios usos, atenderase ao uso da edificación ou dependencia principal.

6. Tratándose de inmobles de uso residencial que se atopen desocupados con carácter permanente, por cumprir as condicións que se determinen regulamentariamente, esixirase un recargo sobre a cota líquida do imposto dun 50%. O recargo devengarase o 31 de decembro e liquidarase anualmente polo Concello, unha vez contrastada a desocupación do inmueble, xuntamente co acto administrativo polo que aquela sexa declarada.

7. A cota líquida obterase minorando da cota íntegra o importe das bonificacións previstas no artigo 6 e 7 desta Ordenanza.

DISPOSICIÓN FINAIS.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe favorable do Tribunal Económico Administrativo do 24.07.14 e o informe de fiscalización da mesma data, dáse conta do informe-proposta da directora de Ingresos, do 21.07.14, conformado pola concelleira delegada de Economía e Facenda, que di o seguinte:

Segundo instrucións da Sra. Concelleira delegada de Economía e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de “Modificación da Ordenanza fiscal reguladora das Taxas pola prestación dos Servizos de Sanidade preventiva, desinfección, desinsectación, desratización e destrución de calquera clase de materias e produtos contaminantes ou propagadores de xermes nocivos para a saúde pública prestados a domicilio ou por encargo”, que obra no presente expediente., que obra no presente expediente.

A presente modificación consiste en incrementar nun 2,8% o importe máximo do Ingreso Bruto per cápita (tanto o xeral como o de familias numerosas) para disfrutar de exención destas taxas así como, en introducir coeficientes redutores nos Ingresos Brutos de persoas maiores de 65 anos, persoas que viven soas, desempregados de longa duración con cargas familiares, familias monoparentais, vítimas de violencia de xénero e dependentes.

Por outra parte, para o calculo do ingreso per cápita, no caso de familias con discapacitados menores de 25 anos, si o discapacitado tivese un grado igual ou superior ao 65% contará como dúas persoas e si a discapacidade estivese entre 33% e 64% contará como 1,5.

As tarifas desta ordenanza fiscal mantéñense nas contías vixentes dende 1 de xaneiro de 2013. A variación do IPC non aplicada para a súa actualización (dende 30 de abril de 2012 a 30 de abril de 2014) ascende a .1,8.% segundo os datos facilitados polo INE o que implica unha redución, en términos reais, da mesma contía, entre os exercicios 2013 a 2015.

A presente modificación axústase ó disposto en materia de taxas, nos artigos 20 a 27 do RDL 2/2004 de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais) e, en particular ó artigo 24.2 segundo se desprende do informe económico que se achega.

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL), artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL sometendo a ditame do TEA do Concello o "Proxecto de Modificación da Ordenanza Fiscal".

Sendo o presente documento unha "Proposta de Modificación de Ordenanza Fiscal", adquiriría a condición de "Proxecto", tra-lo acordo aprobatorio da Xunta de Goberno Local.

Esta Dirección de Ingresos solicita, coa conformidade da Sra. Concelleira de Economía e Facenda, da Xunta de Goberno Local, a aprobación da proposta que contén este expediente. De resultar aprobada, remitirase ao TEA do Concello para ditame do "Proxecto de Modificación". Unha vez ditaminado, o Ilmo. Sr. Alcalde resolverá a súa remisión ao Pleno da Corporación para cumprimento dos artigos 15 a 19 do TRLRFL.

Para unha maior seguridade xurídica respecto da legalidade do acordo a adoptar pola Xunta de Goberno Local, con carácter previo, foi enviado o expediente ao TEA, quen emitiu o Informe que consta no expediente.

Para o caso de que o Proxecto aprobado en Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEA, fose enmendado, sexa pola oposición o polo propio goberno, as enmendas deberan ser incorporadas ao "Proxecto" que se someterá novamente á xunta de Goberno Local e ditame do TEA.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte.

ACORDO:

1º) Aprobar a seguinte:

“MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE SANIDADE PREVENTIVA, DESINFECCIÓN, DESINSECTACIÓN, DESRATIZACIÓN E DESTRUCCIÓN DE CALQUERA CLASE DE MATERIAS E PRODUCTOS CONTAMINANTES OU PROPAGADORES DE XERMES NOCIVOS PARA A SAÚDE PÚBLICA PRESTADOS A DOMICILIO OU POR ENCARGO” (19).

ARTIGO 3.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

En materia de exencións e bonificacións de taxas por prestación de servizos, non poderán recoñecerse outros beneficios fiscais que os expresamente previstos en normas de rango legal e tratados internacionais.

a) Estarán exentos das taxas reguladas na presente ordenanza, os suxeitos pasivos membros de familias con ingresos brutos anuais per cápita inferiores a 3.934 €. A titularidade de Bens Inmóveis de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 49.305 €.

Para a determinación dos Ingresos Brutos anuais per cápita teranse en conta as seguintes normas:

1.1 O ingreso bruto anual per cápita calcularase dividindo a totalidade dos ingresos brutos anuais da unidade familiar entre o número de integrantes. No caso dun menor de 25 anos con un grado de discapacidade superior ao 65% computarase como se foran dúas persoas. No caso de que o grado de discapacidade estivese entre 33% e 65% computarase como 1,5.

1.2 No caso de persoas maiores de 65 anos, aplicarase aos seus ingresos brutos o coeficiente 0,50.

1.3 No caso de que o suxeito pasivo desta taxa resida só nunha vivenda aplicarase aos seus ingresos brutos o coeficiente 0,55.

1.4 No caso de que se dean simultaneamente as dúas circunstancias referidas nos dous parágrafos anteriores, aplicarase o coeficiente 0,35.

1.5 No caso de que o suxeito pasivo sexa unha persoa vítima de violencia de xénero acreditada mediante sentenza firme, aplicarase aos seus ingresos brutos o coeficiente 0,35. Este coeficiente será de aplicación durante os primeiros 5 anos contados dende a data da sentenza.

1.6 No caso de que o suxeito pasivo sexa un/a titor/a monoparental, único perceptor de ingresos e os fillos non tiveran rematado o ensino obrigatorio, aplicarase aos ingresos brutos o coeficiente 0,55.

Poderá aplicarse este coeficiente no caso de que os fillos percibiran prestacións de carácter público con motivo de discapacidade, invalidez e similares.

1.7 No caso de suxeitos pasivos que tendo cargas familiares levasen en situación de desemprego mais de 22 meses ininterrompidos, aplicarase aos seus ingresos brutos un coeficiente do 0,35.

1.8 No caso de suxeitos pasivos en situación de "dependencia en calquera dos seus grados", aplicarase aos seus ingresos un coeficiente do 0,50.

1.9 No caso de suxeitos pasivos dependentes do apartado 1.8 que fose maiores de 65 anos aplicarase un coeficiente do 0,35.

1.10 No caso de suxeitos pasivos do apartado 1.8 que fosen maiores de 65 anos e residan soas aplicarase un coeficiente do 0,30.

Para o disfrute desta exención debera solicitarse expresamente e autorizar ao Concello para que recabe a información sobre os ingresos de todos os integrantes da familia á AEAT e a outras administracións públicas.

b) Estarán exentos do pagamento das taxas reguladas nesta ordenanza os suxeitos pasivos membros de familias que teñan a condición de familias numerosas, con ingresos brutos anuais per cápita inferiores a 6.155 €.

O ingreso bruto anual per cápita calcularase dividindo a totalidade dos ingresos brutos anuais da unidade familiar entre o número de integrantes. No caso dun menor de 25 anos con un grado de discapacidade superior ao 65% computarase como se foran dúas persoas. No caso de que o grado de discapacidade estivese entre 33% e 65% computarase como 1,5.

Para disfrutar desta exención deberán achegarse á solicitude os seguintes documentos:

- Título de familia numerosa vixente a 1 de xaneiro do exercicio en que deba surtir efectos a exención.

- Autorización ao Concello para que recabe a información sobre os ingresos de todos os integrantes da familia da AEAT e outras administracións públicas.

DISPOSICIÓN FINAIS

2ª. Esta Ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro do ano 2015 permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Someter a Ditame do TEA do Concello.

3º) Aprobación provisional en sesión plenaria.

4º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.

5º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

Acordo

A Xunta de Goberno local presta conformidade ao precedente informe-proposta.

11(841).- PROXECTO DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DAS ESCOLAS DE PRIMEIRA ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe favorable do Tribunal Económico Administrativo do 24.07.14 e o informe de fiscalización da mesma data, dáse conta do informe-proposta da directora de Ingresos, do 21.07.14, conformado pola concelleira delegada de Economía e Facenda, que di o seguinte:

Segundo instrucións da Sra. Concelleira delegada de Economía e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de "Modificación da Ordenanza fiscal reguladora das Taxas pola prestación do servizo das Escolas de Primeira Etapa de Educación Infantil", que figura no presente expediente.

A presente modificación consiste en incrementar nun 2,8% o importe máximo do Ingreso Bruto per cápita (tanto o xeral como o de familias numerosas) para disfrutar de exención destas taxas así como, en introducir coeficientes redutores nos Ingresos Brutos de, desempregados de longa duración con cargas familiares, familias monoparentais e vítimas de violencia de xénero.

Por outra parte, para o calculo do ingreso per cápita, no caso de familias con discapacitados menores de 25 anos, si o discapacitado tivese un grado igual ou superior ao 65% contará como dúas persoas e si a discapacidade estivese entre 33% e 64% contará como 1,5.

As tarifas desta ordenanza fiscal mantéñense nas contías vixentes dende 1 de xaneiro de 2010. A variación do IPC non aplicada para a súa actualización (dende 30 de abril de 2009 a 30 de abril de 2014) ascende a 9,4% segundo os datos facilitados polo INE o que implica unha redución, en termos reais, da mesma contía, entre os exercicios 2009 a 2015.

A presente modificación axústase ó disposto en materia de taxas, nos artigos 20 a 27 do RDL 2/2004 de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais) e, en particular ó artigo 24.2 segundo se desprende do informe económico que se achega.

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL), artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL sometendo a ditame do TEA do Concello o "Proxecto de Modificación da Ordenanza Fiscal".

Sendo o presente documento unha "Proposta de Modificación de Ordenanza Fiscal", adquirirá a condición de "Proxecto", tra-lo acordo aprobatorio da Xunta de Goberno Local.

Esta Dirección de Ingresos solicita, coa conformidade da Sra. Concelleira de Economía e Facenda, da Xunta de Goberno Local, a aprobación da proposta que contén este expediente. De resultar aprobada, remitirase ao TEA do Concello para ditame do "Proxecto de Modificación". Unha vez ditaminado, o Ilmo. Sr. Alcalde resolverá a súa remisión ao Pleno da Corporación para cumprimento dos artigos 15 a 19 do TRLRFL.

Para unha maior seguridade xurídica respecto da legalidade do acordo a adoptar pola Xunta de Goberno Local, con carácter previo, foi enviado o expediente ao TEA, quen emitiu o Informe que consta no expediente.

Para o caso de que o Proxecto aprobado en Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEA, fose enmendado, sexa pola oposición o polo propio goberno, as enmendas deberán ser incorporadas ao "Proxecto" que se someterá novamente á xunta de Goberno Local e ditame do TEA.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte.

ACORDO:

1º) Aprobar a seguinte:

“MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DAS ESCOLAS DE PRIMEIRA ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL” (23).

ARTIGO 3.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

1. Estarán exentos das taxas reguladas na presente ordenanza, os nenos e nenas que pertencen a familias con ingresos brutos anuais per capita inferiores a 3.934 €. A titularidade de Bens Inmóveis de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 49.305 €.

Para a determinación dos Ingresos Brutos anuais per cápita teranse en conta as seguintes normas:

1.1 O ingreso bruto anual per cápita calcularase dividindo a totalidade dos ingresos brutos anuais da unidade familiar entre o número de integrantes. No caso dun menor de 25 anos con un grado de discapacidade superior ao 65% computarase como se foran dúas persoas. No caso de que o grado de discapacidade estivese entre 33% e 65% computarase como 1,5.

1.2 No caso de que o/a pai, nai, titor/a sexa unha persoa vítima de violencia de xénero acreditada mediante sentenza firme, aplicarase aos seus ingresos brutos o coeficiente 0,35. Este coeficiente será de aplicación durante os primeiros 5 anos contados dende a data da sentenza.

1.3 No caso de que o/a pai, nai, titor/a sexa un/a titor/a monoparental, único perceptor de ingresos e os fillos non tiveran rematado o ensino obrigatorio, aplicarase aos ingresos brutos o coeficiente 0,55.

Poderá aplicarse este coeficiente no caso de que os fillos percibiran prestacións de carácter público con motivo de discapacidade, invalidez e similares.

1.4 No caso de que o/a pai, nai, titor/a levasen en situación de desemprego mais de 22 meses ininterrompidos, aplicarase aos seus ingresos brutos un coeficiente do 0,35.

Para o disfrute desta exención debera solicitarse expresamente e autorizar ao Concello para que recabe a información sobre os ingresos de todos os integrantes da familia á AEAT e a outras administracións públicas.

2. Terá unha bonificación do 35% no importe das taxas o alumnado que só poida ser admitido polo Concello de Vigo en horario reducido e diferente do solicitado. Esta bonificación aplicarase durante o tempo no que persista esta situación excepcional

3) Estarán exentos do pagamento das taxas reguladas nesta ordenanza os nenos e nenas que pertencen a familias numerosas que contan con ingresos brutos anuais, per capita inferiores a 6.155 €.

O ingreso bruto anual per cápita calcularase dividindo a totalidade dos ingresos brutos anuais da unidade familiar entre o número de integrantes. No caso dun menor de 25 anos con un grado de discapacidade superior ao 65% computarase como se foran dúas persoas. No caso de que o grado de discapacidade estivese entre 33% e 65% computarase como 1,5.

Para disfrutar desta exención deberán achegarse á solicitude os seguintes documentos:

- Título de familia numerosa vixente a 1 de xaneiro do exercicio en que deba surtir efectos a exención.

- Autorización ao Concello para que recabe a información sobre os ingresos de todos os integrantes da familia da AEAT e outras administracións públicas.

4. Agás o disposto no apartado anterior así como en normas con rango de Lei ou Tratados Internacionais, non se admitirán outros beneficios fiscais nas taxas obxecto desta Ordenanza fiscal.

DISPOSICIÓN FINAIS

2ª. Esta Ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro do 2015 permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Someter a Ditame do TEA do Concello.

3º) Aprobación provisional en sesión plenaria.

4º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.

5º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

Acordo

A Xunta de Goberno local presta conformidade ao precedente informe-proposta.

12(842).- PROXECTO DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLOS SERVIZOS QUE PRESTA O ORGANISMO AUTÓNOMO MUNICIPAL PARQUE DAS CIENCIAS “VIGO-ZOO” A TRAVÉS DO SEU PARQUE ZOOLÓXICO.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe favorable do Tribunal Económico Administrativo do 24.07.14 e o informe de fiscalización da mesma data, dáse conta do informe-proposta da directora de Ingresos, do 21.07.14, conformado pola concelleira delegada de Economía e Facenda, que di o seguinte:

Segundo instrucións da Sra. Concelleira delegada de Economía e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de “Modificación da Ordenanza fiscal reguladora das Taxas polos servizos que presta o Organismo Autónomo Municipal Parque das Ciencias “Vigo-Zoo” a través do seu Parque Zoológico”, que figura no presente expediente.

A presente modificación consiste en incrementar nun 2,8% o importe máximo do Ingreso Bruto per cápita (tanto o xeral como o de familias numerosas) para disfrutar de exención destas taxas. Non obstante a ordenanza fiscal vixente xa recolle unha bonificación do 50% para todas as familias numerosas de categoría especial e dun 25% para as de categoría xeral, independentemente da súa renda.

As tarifas desta ordenanza fiscal mantéñense nas contías vixentes dende 1 de xaneiro de 2013. A variación do IPC non aplicada para a súa actualización (dende 30 de abril de 2012 a 30 de abril de 2014) ascende a 1,8.% segundo os datos facilitados polo INE o que implica unha redución, en termos reais, da mesma contía, entre os exercicios 2013 a 2015.

A presente modificación axústase ó disposto en materia de taxas, nos artigos 20 a 27 do RDL 2/2004 de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais) e, en particular ó artigo 24.2 segundo se desprende do informe económico que se achega.

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL), artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL sometendo a ditame do TEA do Concello o "Proxecto de Modificación da Ordenanza Fiscal".

Sendo o presente documento unha "Proposta de Modificación de Ordenanza Fiscal", adquiriría a condición de "Proxecto", tra-lo acordo aprobatorio da Xunta de Goberno Local.

Esta Dirección de Ingresos solicita, coa conformidade da Sra. Concelleira de Economía e Facenda, da Xunta de Goberno Local, a aprobación da proposta que contén este expediente. De resultar aprobada, remitirase ao TEA do Concello para ditame do "Proxecto de Modificación". Unha vez ditaminado, o Ilmo. Sr. Alcalde resolverá a súa remisión ao Pleno da Corporación para cumprimento dos artigos 15 a 19 do TRLRFL.

Para unha maior seguridade xurídica respecto da legalidade do acordo a adoptar pola Xunta de Goberno Local, con carácter previo, foi enviado o expediente ao TEA, quen emitiu o Informe que consta no expediente.

Para o caso de que o Proxecto aprobado en Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEA, fose enmendado, sexa pola oposición o polo propio goberno, as enmendas deberan ser incorporadas ao "Proxecto" que se someterá novamente á xunta de Goberno Local e ditame do TEA.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte.

ACORDO:

1º) Aprobar a seguinte:

"MODIFICACION ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLOS SERVICIOS QUE PRESTA O ORGANISMO AUTÓNOMO MUNICIPAL PARQUE DAS CIENCIAS "VIGO-ZOO" A TRAVÉS DO SEU PARQUE ZOOLÓXICO" (53).

ARTIGO 3. EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

1. Estarán exentos de pagamento das taxas reguladas na presente Ordenanza fiscal:

c) Estarán exentos das taxas reguladas na presente ordenanza, os membros de familias con ingresos brutos anuais per capita inferiores a 3.934 €. A titularidade de Bens Inmóveis de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 49.305 €.

DISPOSICIÓNS FINAIS

2ª. Esta ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir o 1 de xaneiro de 2015, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

2º) Someter a Ditame do TEA do Concello.

3º) Aprobación provisional en sesión plenaria.

4º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.

5º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

Acordo

A Xunta de Goberno local presta conformidade ao precedente informe-proposta.

13(843).- PROXECTO DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POLA PRESTACIÓN DE ENSINANZAS ESPECIAIS E OUTRAS ACTIVIDADES EN ESTABLECEMENTOS MUNICIPAIS.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe favorable do Tribunal Económico Administrativo do 24.07.14 e o informe de fiscalización da mesma data, dáse conta do informe-proposta da directora de Ingresos, do 21.07.14, conformado pola concelleira delegada de Economía e Facenda, que di o seguinte:

Segundo instrucións da Sra. Concelleira delegada de Economía e Facenda, esta Dirección de Ingresos presenta a proposta de "Modificación da Ordenanza reguladora do Prezo Público pola prestación de Ensinanzas especiais e outras actividades en establecementos municipais", que figura no presente expediente.

A presente modificación consiste en incrementar nun 2,8% o importe máximo do Ingreso Bruto per cápita (tanto o xeral como o de familias numerosas) para resultar exonerados do pagamento destes prezos públicos así como, en introducir coeficientes redutores nos Ingresos Brutos de desempregados de longa duración con cargas familiares, familias monoparentais e vítimas de violencia de xénero.

Por outra parte, para o calculo do ingreso per cápita, no caso de familias con discapacitados menores de 25 anos, si o discapacitado tivese un grado igual ou superior ao 65% contará como dúas persoas e si a discapacidade estivese entre 33% e 64% contará como 1,5.

As tarifas desta ordenanza mantéñense nas contías vixentes dende 1 de xaneiro de 2013. A variación do IPC non aplicada para a súa actualización (dende 30 de abril de 2012 a 30 de abril de 2014) ascende a .1,8.% segundo os datos facilitados polo INE o que implica unha redución, en términos reais, da mesma contía, entre os exercicios 2013 a 2015.

Segundo o disposto no artigo 47 do RDL 2/2004 que aproba o TRLRFL, sendo o obxecto deste expediente a modificación de prezos publico, correspondera a súa aprobación ao Pleno da Corporación previo acordo aprobatorio do proxecto de modificación pola Xunta de Goberno Local. Non obstante, ao non tratarse dunha ordenanza fiscal non será necesario ditame do TEA.

Senembargo, para unha maior seguridade xurídica respecto da legalidade do acordo a adoptar pola Xunta de Goberno Local, foi enviada a proposta ao TEA, quen emitiu o Informe que consta no expediente.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte.

ACORDO:

1º) Aprobar a seguinte:

“MODIFICACIÓN ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DE ENSINANZAS ESPECIAIS E OUTRAS ACTIVIDADES EN ESTABLECEMENTOS MUNICIPAIS” (40).

ARTIGO 3.- CONTÍA

2. Estarán exentos dos Prezos Públicos regulados na presente ordenanza, os membros de familias con ingresos brutos anuais per capita inferiores a 3.934 €. A titularidade de Bens Inmóveis de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 49.305 €.

Para a determinación dos Ingresos Brutos anuais per cápita teranse en conta as seguintes normas:

2.1 O ingreso bruto anual per cápita calcularase dividindo a totalidade dos ingresos brutos anuais da unidade familiar entre o número de integrantes. No caso dun menor de 25 anos con un grado de discapacidade superior ao 65% computarase como se foran dúas persoas. No caso de que o grado de discapacidade estivese entre 33% e 65% computarase como 1,5.

2.2 No caso de que algún membro da unidade familiar sexa unha persoa vítima de violencia de xénero acreditada mediante sentenza firme, aplicarase aos seus ingresos brutos o coeficiente 0,35. Este coeficiente será de aplicación durante os primeiros 5 anos contados dende a data da sentenza.

2.3 No caso de que o/a pai, nai, titor/a sexa un/a titor/a monoparental, único perceptor de ingresos e os fillos non tiveran rematado o ensino obrigatorio, aplicarase aos ingresos brutos o coeficiente 0,55.

Poderá aplicarse este coeficiente no caso de que os fillos percibiran prestacións de carácter público con motivo de discapacidade, invalidez e similares.

2.4 No caso de persoas con cargas familiares que levasen en situación de desemprego mais de 22 meses ininterrompidos, aplicarase aos seus ingresos brutos un coeficiente do 0,35.

Para o disfrute desta exención debera solicitarse expresamente e autorizar ao Concello para que recabe a información sobre os ingresos de todos os integrantes da familia á AEAT e a outras administracións públicas.

3) No caso de que os/as seleccionados/as para a Escola Municipal de Teatro e a Escola Municipal de Música pertencesen a familias numerosas que conten con ingresos brutos anuais, per capita, no exercicio da solicitude inferiores a 6.155 € quedarán eximidos do pagamento destes prezos públicos.

O ingreso bruto anual per cápita calcularase dividindo a totalidade dos ingresos brutos anuais da unidade familiar entre o número de integrantes. No caso dun menor de 25 anos con un grado de discapacidade superior ao 65% computarase como se foran dúas persoas. No caso de que o grado de discapacidade estivese entre 33% e 65% computarase como 1,5.

Para disfrutar desta exención deberán achegarse á solicitude os seguintes documentos:

- Título de familia numerosa vixente a 1 de xaneiro do exercicio en que deba surtir efectos a exención.

- Autorización ao Concello para que recabe a información sobre os ingresos de todos os integrantes da familia da AEAT e outras administracións públicas.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta Ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2015, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

2º) Aprobación provisional en sesión plenaria.

3º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.

4º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

Acordo

A Xunta de Goberno local presta conformidade ao precedente informe-proposta.

14(844).- PROXECTO DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POR UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS

DEPORTIVAS MUNICIPAIS, PERTENCENTES O “INSTITUTO MUNICIPAL DOS DEPORTES. (52).

Examinadas as actuacións do expediente, visto o ditame favorable do Tribunal Económico Administrativo do 24.07.14 e o informe de fiscalización da mesma data, dáse conta do informe-proposta da directora de Ingresos, do 21.07.13, conformado pola concelleira delegada de Economía E Facenda, que di o seguinte:

Segundo instrucións da Sra. Concelleira delegada de Economía e Facenda, esta Dirección de Ingresos presenta a proposta de “Modificación da Ordenanza reguladora dos Prezos Públicos por utilización das instalacións deportivas municipais pertencentes o “Instituto Municipal dos Deportes””, que figura no presente expediente.

A presente modificación consiste en incrementar nun 2,8% o importe máximo do Ingreso Bruto per cápita (tanto o xeral como o de familias numerosas) para resultar exonerados do pagamento os alumnos de Escolas Deportivas, así como, en introducir coeficientes redutores nos Ingresos Brutos de desempregados de longa duración con cargas familiares, familias monoparentais e vítimas de violencia de xénero.

Por outra parte, para o calculo do ingreso per cápita, no caso de familias con discapitados menores de 25 anos, si o discapitado tivese un grado igual ou superior ao 65% contará como dúas persoas e si a discapacidade estivese entre 33% e 64% contará como 1,5.

As tarifas desta ordenanza mantéñense nas contías vixentes dende 1 de xaneiro de 2013. A variación do IPC non aplicada para a súa actualización (dende 30 de abril de 2012 a 30 de abril de 2014) ascende a 1,8.% segundo os datos facilitados polo INE o que implica unha redución, en términos reais, da mesma contía, entre os exercicios 2013 a 2015.

Segundo o disposto no artigo 47 do RDL 2/2004 que aproba o TRLRFL, sendo o obxecto deste expediente a modificación de prezos publico, corresponderá a súa aprobación ao Pleno da Corporación previo acordo aprobatorio do proxecto de modificación pola Xunta de Goberno Local. Non obstante, ao non tratarse dunha ordenanza fiscal non será necesario ditame do TEA.

Non obstante, para unha maior seguridade xurídica respecto da legalidade do acordo a adoptar pola Xunta de Goberno Local, foi enviada a proposta ao TEA, quen emitiu o Informe que consta no expediente.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos, coa conformidade da Sra. Concelleira de Economía e Facenda solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte.

ACORDO:

1º) Aprobar a seguinte:

“MODIFICACIÓN ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POR UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS, PERTECENTES O “INSTITUTO MUNICIPAL DOS DEPORTES” (52).

CAPITULO V.- EXENCIONS E BONIFICACIÓNS

ARTIGO 6.-

Atópanse exentos do pagamento dos prezos públicos:

a) Os Colexios Públicos que carezan de instalacións deportivas suficientes e demanden a utilización de instalacións deportivas o I.M.D. para a realización das actividades docentes de

Educación Física coa autorización expresa do Presidente do Consello de Administración do I.M.D. Condicionada a ratificación definitiva polo devandito Consello de Administración.

b) Estarán exentos os alumnos de Escolas deportivas que sexan membros de familias con ingresos brutos anuais per capita inferiores a 3.934 €. A titularidade de Bens Inmobles de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 49.305 €.

Para a determinación dos Ingresos Brutos anuais per cápita teranse en conta as seguintes normas:

b.1 O ingreso bruto anual per cápita calcularase dividindo a totalidade dos ingresos brutos anuais da unidade familiar entre o número de integrantes. No caso dun menor de 25 anos con un grado de discapacidade superior ao 65% computarase como se foran dúas persoas. No caso de que o grado de discapacidade estivese entre 33% e 65% computarase como 1,5.

b.2 No caso de que o/a pai, nai, titor/a sexa unha persoa vítima de violencia de xénero acreditada mediante sentenza firme, aplicarase aos seus ingresos brutos o coeficiente 0,35. Este coeficiente será de aplicación durante os primeiros 5 anos contados dende a data da sentenza.

b.3 No caso de que o/a pai, nai, titor/a sexa un/a titor/a monoparental, único perceptor de ingresos e os fillos non tiveran rematado o ensino obrigatorio, aplicarase aos ingresos brutos o coeficiente 0,55.

Poderá aplicarse este coeficiente no caso de que os fillos percibiran prestacións de carácter público con motivo de discapacidade, invalidez e similares.

b.4 No caso de que o/a pai, nai, titor/a levasen en situación de desemprego mais de 22 meses ininterrompidos, aplicarase aos seus ingresos brutos un coeficiente do 0,35.

Para o disfrute desta exención debera solicitarse expresamente e autorizar ao Concello para que recabe a información sobre os ingresos de todos os integrantes da familia á AEAT e a outras administracións públicas.

c) As actividades ou programas organizados polo propio I.M.D. e pola Concellería de Deportes, ben directamente ou a través de convenios de colaboración con outras institucións ou entidades (persoas físicas ou xurídicas) coa autorización expresa do Presidente do Consello de Administración do I.M.D. Condicionada a ratificación definitiva polo devandito Consello de Administración.

d) Os Clubs de fútbol, asinantes de convenios para o desenvolvemento dun programa de colaboración e utilización dos campos de fútbol municipais, quedarán exentos do pago do prezo público, coa aprobación expresa do Presidente do Consello de Administración e ratificado de forma definitiva polo Consello de Administración do IMD.

e) Os alumnos de Escolas Deportivas pertencentes a familias numerosas que contén con ingresos brutos anuais, per capita inferiores a 6.155 €.

O ingreso bruto anual per cápita calcularase dividindo a totalidade dos ingresos brutos anuais da unidade familiar entre o número de integrantes. No caso dun menor de 25 anos con un grado de discapacidade superior ao 65% computarase como se foran dúas persoas. No caso de que o grado de discapacidade estivese entre 33% e 65% computarase como 1,5.

Para disfrutar desta exención deberán achegarse á solicitude os seguintes documentos:

- *Título de familia numerosa vixente a 1 de xaneiro do exercicio en que deba surtir efectos a exención.*

- *Autorización ao Concello para que recabe a información sobre os ingresos de todos os integrantes da familia da AEAT e outras administracións públicas.*

f) Amais dos supostos anteriores, os que con carácter xeral se prevean en disposicións legais, ou ditados por Organismos de carácter vinculante.

g) Nos casos nos que exista bonificación por empadramento, o usuario deberá acreditar dita condición mediante a presentación do volante de empadramento no momento do aboamento do prezo público establecido. Esta bonificación aplicarase mentres se manteña a condición de empadrado.

DISPOSICIONS FINAIS

Esta modificación entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do día 1 de Xaneiro de 2015, ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

2º) Aprobación provisional en sesión plenaria.

3º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.

4º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

Acordo

A Xunta de Goberno local presta conformidade ao precedente informe-proposta.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Mª Jesús Lago Rey.